

BASES DO CONCURSO DE DESEÑO GRÁFICO

“DIVERSIARTE OCIO E CULTURA SEN BARREIRA 2010”

O Excmo. Concello de Lugo, co fin de elixir o cartel anunciador de “DIVERSIARTE 2010” convoca o PREMIO DE DESEÑO GRÁFICO de acordo coas seguintes BASES:

1- Poderá concorrer toda a poboación, con traballos de formato A3 e técnica libre, que deberán ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa posible exposición. Asímesmo terán a disposición do concello unha copia en formato dixital que permita no caso de resultar gañador o seu proceso informático

2- Os deseños contribuirán a destacar a discapacidade como unha relación co entorno, considerando con especial interese a representación de valores como a diversidade, dignidade, recoñecemento, vida independente, así como inclusión e participación social, en definitiva os dereitos humanos.

3- Os carteis presentados quedarán en poder do Excmo. Concello de Lugo. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador das Xornadas “DIVERSIARTE 2010” e, os restantes carteis presentados terán un prazo de 15 días para ser recollidos polo seu autor, pasado ese prazo serán propiedade do Concello de Lugo que decidirá o seu destino. O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. Os/ autores/as renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor/a para incluílo no seu currículum.

4- Os traballos deberán ser presentados en sobre pechado no Rexistro Municipal do Concello de Lugo, sen ningunha forma de identificación, axuntándose unha solicitude na que figuren os datos do/a autor/a, tales como nome, enderezo, e teléfono.

5- A entrega de orixinais poderase efectuar desde a convocatoria ata o **20 de outubro deste ano**

6- O xurado estará formado por persoas cualificadas na materia, reservándose a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos carteis reúne os méritos suficientes.

7- Os/as participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases, e o/a gañador/a do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto, para o cal será convocado oportunamente.

8- Tódolos/as participantes recibirán diploma participativo.

9- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

10.- Establécese un premio o traballo gañador valorado en **300€**

www.lugo.es

www.lugo10.es

Para máis información servizo 010



CONCURSO DE DESEÑO
GRÁFICO “DIVERSIARTE
OCIO E CULTURA SEN
BARREIRA
2010”

